

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE MARZO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 18 de marzo de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 14 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Carlos López Font

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Secundino Otero Faílde, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Miguel Fidalgo Iglesias, vogal suplente de D^a. Elena Muñoz Fonteriz
D. José Ángel Otero Lamas, suplente do vogal responsable do contrato, D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 2 e 3)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obra de instalación de asentos para a Grada de Río Baixo no Estadio municipal de Balaídos (23-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. CIVIS GLOBAL, S.L.
 2. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 3. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA

3.- Apertura da documentación técnica**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obra de instalación de asentos para a Grada de Río Baixo no Estadio municipal de**

Balaídos (23-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333) (informe sobre B)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 13 de marzo de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre B “*Proposición avaliable a través de fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Porcentaxe desconto prezos unitarios			Redución prazos máximos entrega PPT						
				Medalla		Medalla calidade		Medalla especial		
	Medalla	Medalla calidade	Medalla especial	Ordinario	Urxente	Ordinario	Urxente	Ordinario	Urxente	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:10	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AB4C-EFC44H-35E786-49FEL9-456YPK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1	EUROCEBRAN S. Licitador	Porcentaxe desconto prezos unitarios			Redución prazos máximos entrega PPT					
		12%	19%	30%	4	2	4	2	35	28
2	FUNDICIONES JC REGALOS, S.L.	13%	13%	13%	4	2	4	2	30	20
3	CARLOS FERNÁNDEZ POL	57,50%	36,00%	46,50%	0	0	0	0	20	20

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

